XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

112 EMERXENCIAS GALICIA

AVISO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 18-11-2026

TIPOLOXÍA: CHOIVAS E VENTOS

NIVEL DE ALERTA: AMARELO

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín 400/71 GAL emitido o día 18/11/2026 ás 09:29 horas, dun fenómeno metereolóxico adverso de **NIVEL AMARELO** por **CHOIVAS** que afectará ás provincias de **PONTEVEDRA (INTERIOR E MIÑO)** e **OURENSE (NOROESTE)**, que dará comezó a primeira hora da tarde de hoxe e se prolongará ata últimas horas da madrugada do xoves 19. En Pontevedra esperanse acumulados de **15 litros por metro cadrado nunha hora**, e de **40 litros metro cadrado en 12 horas**, tanto en Ourense (Nororeste) como en Pontevedra (Interior e Miño), na zona de Pontevedra (Miño), esperanse esos acumulados na zona máis interior.

No mesmo boletín informase de **NIVEL AMARELO** por **VENTOS** de **compoñente Oeste**, que poden acadar refachos de **80 km/h, en LUGO (A MARIÑA)** actualmente en curso ata a madrugada, en **A CORUÑA (NOROESTE E OESTE)** desde mediodía e **OURENSE (MONTAÑA), LUGO (MONTAÑA)** e de **70 km/h** en **OURENSE (VALDEORRAS) e PONTEVEDRA (INTERIOR)** desde primeiras horas da tarde de hoxe.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: ADOPTEN as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, ALERTEN ou MOBILICEN aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112.

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es

Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia
Avd. Da Cultura s/n - CP 36680 A Estrada Pontevedra
Teléfono 112
112galicia@xunta.es
www.axega112.gal

Autorizo o uso da información e a súa reprodución ou distribución citando ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia como fonte da mesma